

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE**

*RESOLUCIÓN do 15 de xaneiro de 2019 pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos no terceiro cuadrimestre de 2018.*

O artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior.

En consecuencia, e para darlle cumprimento a esa obriga,

DISPOÑO:

Dar publicidade á relación de convenios subscritos pola Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro do ano 2018, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2019

Beatriz Allegue Requeijo  
Xerente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde

**ANEXO**

Convenio	Importe económico	Data da sinatura
Convenio de colaboración en actividades de interés xeral entre o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, Atresmedia Corporación de Medios de Comunicación, S.A. e Novartis Farmacéutica, S.A. para a elaboración dun plan formativo en habilidades de comunicación para profesionais sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia	Sen achega económica	27.6.2018
Convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e cursos internacionais da Universidade de Santiago de Compostela para a realización de prácticas dos alumnos estranxeiros	Sen achega económica	22.10.2018
Convenio de colaboración empresarial entre a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e AstraZeneca, S.A. para a organización da actividade formativa II Xornada en diabetes para as CCAA	Ingreso 55.000,00 €	30.10.2018
Convenio de colaboración empresarial entre a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e Merck Sharp & Dohme de España, S.A. para o desenvolvemento do proxecto Elaboración píldoras formativas	Ingreso 10.000,00 €	31.10.2018

CVE-DOG: sc6x6xt4-n1n7-yuv2-8115-uxtjumqckmv1

